

PREMIO DE CADERNOS DE VIAXE COMPOSTELA ILUSTRADA

BASES DO CONCURSO 2024



1 Obxecto do concurso

Buscamos a esencia da cidade reflectida nunha imaxe do que pasa de pronto ante os nosos ollos, e que, precisamente por estar alí, o/a debuxante pode plasmar no seu caderno. Un detalle, unha idea, unha grande ilustración ou un bosquejo, o obxectivo é que unha única imaxe capte a temática que se propón neste concurso.

A temática desta edición 2024, anunciarase o xoves 7 na sesión On Compostela, no Museo das Peregrinacións, e subirase a Instagram nese mesmo momento.

2 Requisitos

Poderá participar calquera persoa maior de idade inscrita no 7 Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada, que non resultase premiada nas edicións anteriores. Cada participante terá que presentar a concurso unha única ilustración, inédita e non publicada anteriormente en redes sociais, que se axuste á temática que a organización escolla. As ilustracións realizaranse en papel, e poderán ser a cor ou en branco e negro, e con técnica libre. Todas as ilustracións serán revisadas e validadas pola organización, que se reserva o dereito a non admitir as que non cumpran, segundo o seu criterio, os requisitos técnicos, artísticos e/ou legais esixidos polo certame.

3 Inscripción e participación

Todas as persoas inscritas no Encontro están por defecto apuntadas ao Premio, as que queiran participar so terán que presentar a súa obra o sábado 9 entre as 15:30 e as 16:00 horas, no vestíbulo do Auditorio de Galicia (diante da Sala Mozart), nun sobre co nome no interior.

4 Ditame do xurado

O ditame do xurado farase público o sábado 9 de novembro na Cea oficial.

5 Dereitos sobre as ilustracións a concurso

A persoa participante manifesta e garante que é o único autor/a da ilustración que presenta e titular de todos os dereitos sobre ela. Tamén será responsable legal de calquera problema que puidese xurdir por incumprimento da lei con respecto aos dereitos de autor/a.

Co fin de poder levar a cabo cantas accións de promoción e difusión do concurso considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederán con carácter gratuíto os dereitos de reprodución e comunicación pública dos traballos presentados a concurso.

6 Xurado

O xurado estará formado por persoas de contrastada experiencia no mundo da ilustración. A súa decisión será inapelable, mesmo no caso de que o premio se declare deserto.

7 Premios

Outorgarase un único premio, que consistirá nunha dotación económica de 300 € achegados polo patrocinador, El Patito Editorial. En conformidade coa vixente lei española, o premio obxecto deste concurso estará suxeito á retención do IRPF, que será asumida pola persoa gañadora. O pagamento realizarase contra factura ou documento fiscalmente recoñecido, que emitirá a persoa gañadora.

A ilustración premiada será propiedade e de uso exclusivo de exhibición de El Patito Editorial e pasará a formar parte da súa colección.

8 Recollida de obras non premiadas

O sábado 9 de novembro, na Cea Oficial, devolveranse as obras non premiadas.

A organización non devolverá os traballos doutro xeito que non sexa persoalmente; non se fará ningún tipo de envío en datas posteriores. Tampouco se fará responsable das obras que queden sen recoller.

9 Protección de datos de carácter persoal

De acordo coa Lei Orgánica 15/99, informamos de que todos os datos recollidos polo concurso Premio de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada 2024 serán utilizados, exclusivamente, co fin de xestionar correctamente a participación e cumprir co establecido nas presentes bases. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición levarase a cabo conforme a normativa vixente.

10 Aceptación das bases

As persoas participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan todas e cada unha das súas bases.

PATROCINADO POR **elpatitoeditorial** 